



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

FAI SABER:

Que o **Ministerio de Asuntos económicos e Transformación Dixital** do Goberno do Estado, aprobou o Real Decreto 16/2023, de 17 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento sobre o uso do dominio público radioeléctrico.

Con esta aprobación por parte do Goberno Central, o próximo **14 de febreiro cesarán as emisións de Televisión Dixital Terrestre (TDT)** en definición estándar (SD), pasando a emitir unicamente en alta definición (HD).

Os televisores que reciban a sinal por TDT (terrestre, por antena normal) e soporten a emisión das canles en HD (alta definición), seguirían emitindo as canles a partir do día 14 de febreiro, pero sería preciso facer unha resintonización.

Os domicilios que reciban o sinal da televisión por SATÉLITE con antena parabólica, perderán o sinal dos receptores actuais, e sería preciso poñerse en contacto cun instalador oficial autorizado para comprobar ou substituír o receptor,

En resumo, o a partir do día 14 de febreiro, poden darse os seguintes casos:

- **Que se vexa algunha canle de televisión**, isto quere dicir que a televisión soporta emisión en HD (sexo pola propia televisión ou a través dun decodificador), entón a solución sería **RESINTONIZAR** as canles na televisión.
- **Que se perdeu a sinal de todas as canles** (é dicir, que non se vexa ningunha canle), entón teremos que saber se a sinal se recibe por TDT (antena) ou por SATÉLITE (que sería o máis probable neste caso), para iso deberán poñerse en contacto con un instalador autorizado, para que comprobe se o **RECEPTOR** que ten instalado funciona correctamente coa alta definición (HD), e de ser o caso valorar a instalación dun novo receptor.
- **Que se perderan todas as canles e reciban sinal por TDT (terrestre, é dicir por antena)**, o máis probable é que a televisión non soporta a emisión en HD, ou o decodificador (fabricados antes do ano 2017) non soporta HD, entón a solución sería comprar un decodificador novo.

Baralla, 15 de febreiro de 2024
O ALCALDE
Asdo. Miguel González Piñeiro

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

